

VIGO + 11
CARREIRA POPULAR
“Trofeo El Corte Inglés”

REGULAMENTO

1. A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, co patrocinio de El Corte Inglés, e a colaboración do Concello de Vigo, organizan a **10ª Carreira Popular VIGO +11 “Trofeo El Corte Inglés”**, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces.
2. **Data: 5 de novembro de 2017**
3. **Saída e Meta:** Rúa Concepción Arenal esquina Rúa Luis Taboada
4. **Avituallamento** para tódolos participantes na rúa Tomás A. Alonso, fronte a Barreras, e na rúa Venezuela antes de El Corte Inglés.
5. **Inscricións:** Poderán participar cantas persoas o desexen, estean ou non federadas, cubrindo o Boletín de Inscripción en **El Corte Inglés de Vigo**, Departamento de Deportes - Planta 5ª, de 11:00 a 21:00 h., ou a través da web **championchipnorte.com**
6. **Cota: 7 €**, excepto as categorías sub8, sub10, sub12, sub14, sub16 e sub18.
En caso de facer a inscrición no sitio web **championchipnorte.com**, poderase confirmar a correcta inscrición pola web de forma inmediata, se aparece nos listados publicados.
7. **Prazo de inscrición:** Vía web ata o día **2 de novembro** ás 24:00. Ou en El Corte Inglés ata o **2 de novembro** ás 21:00 h. Non admitíndose ningunha inscrición fóra de prazo, nin o mesmo día da carreira.
8. **Entrega de dorsais e chips:** Efectuarase en El Corte Inglés de Vigo o día **4 de novembro**, desde as 11:00 ás 21:00 horas, na Planta 5ª e o día da Carreira na liña de meta a partir das 9:00.
9. **Premios:** Recibirán trofeo, os tres primeiros clasificados, tanto masculino como feminino, de cada categoría. Excepto sub8 da que non se fará clasificación e recibirán un detalle en meta todos.

Premios en metálico (carreira 10,6 km):
300 € 1º absoluto masculino 1ª absoluta feminina
150 € 2º absoluto masculino 2ª absoluta feminina
100 € 3º absoluto masculino 3ª absoluta feminina
10. A proba está incluída no circuíto Run Run Vigo do Concello de Vigo.
11. Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.
12. A participación de atletas estranxeiros regulase polo artigo 3.4. do *Regulamento para as competicións de Campo a Través, Marcha, Carreiras en estrada e reunións de pista cuberta e aire libre para competicións autonómicas* da RFEA.
Dito artigo pódese consultar no seguinte enlace: http://www.rfea.es/nor-mas/pdf/reglamento2016/03_reglamento_comp.pdf

13. Os participantes, recibirán unha camiseta.

14. Haberá servizo de duchas no Real Club Náutico de Vigo a disposición de tódolos atletas ó finalizar as probas.

15. Horarios e Categorías:

Categoría		Distancia	Hora de saída
Sub8	2011-2012-2013	200 m (recta meta)	10:00
Sub10	2009-2010	1 km (1 volta c.)	10:15
Sub12	2007-2008	1 km (1 volta c.)	10:15
Sub14	2005-2006	2 km (2 voltas c.)	10:30
Sub16	2003-2004	3 km (3 voltas c.)	10:45
Sub18	2001-2002	3 km (3 voltas c.)	10:45
Sub20	1999-2000	10,6 km	11:15
Sub23	1996-1997-1998	10,6 km	11:15
Sénior	1995 ata Máster	10,6 km	11:15
Máster 40	40 ata 44 anos cumpridos	10,6 km	11:15
Máster 45	45 ata 49 anos cumpridos	10,6 km	11:15
Máster 50	50 ata 59 anos cumpridos	10,6 km	11:15
Máster 60	60 ou máis anos cumpridos	10,6 km	11:15

16. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

17. Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

18. ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

19. SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

20. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.
21. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo coas normativas vixentes da FGA, RFEA e IAAF, nesta orde, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Percorridos

Circuito carreira absoluta (10,6 km)

Saída: Concepción Arenal, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Carral, Marqués de Valladares, Colón, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Cánovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás A. Alonso, Coruña, Cantro Comercial Traviesas, parte derecha Camelias, Álvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, Concepción Arenal, Meta.

Circuito menores (1 km)

Saída: Concepción Arenal, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Castelar, Luis Taboada, Pablo Morillo, Montero Ríos, Concepción Arenal, Meta.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.